



AUTORIZACIÓN DE PARTICIPACIÓN EN ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

(saída do recinto escolar)

Actividade complementaria: **MAGOSTO**

Grupos que participan: **TODO O CENTRO** N° de participantes previsto: **117**
 Data e hora de saída: **VENRES 12 DE NOVEMBRO ÁS 9:30** Lugar de saída: **CEIP CHANO PIÑEIRO**
 Hora prevista de chegada: **13:30** Lugar de chegada: **CEIP CHANO PIÑEIRO**
 Desprazamento: **AUTOBÚS E A PÉ** **Prezo: 2,50€**
 Itinerario: **CEIP CHANO PIÑEIRO – CHAN DA LAGOA - CEIP CHANO PIÑEIRO**
 Mestres acompañantes: **TITORES E ESPECIALISTAS**

O ALUMNADO LEVARÁ MERENDA E AUGA NUNHA MOCHILA
O ALUMNADO DE INFANTIL, 1º E 2º DE PRIMARIA APORTARÁ UN PUÑADO DE CASTAÑAS PICADAS (O PROPIO DÍA)

Esta actividade figura na Programación Xeral Anual do Centro ou foi aprobada polo equipo directivo previo informe da coordinadora do equipo de AACCEE, cumprindo cós requisitos establecidos polo consello escolar, polo que a xefatura de estudos **AUTORIZA** a súa realización.

Data 3-11-21

Vº e. Prace



A Xefade Estudos



Selo



A Directora

D(a)..... con DNI:..... pai, nai ou titor legal do/a alumno/ado grupo comunico que:

AUTORIZO NON AUTORIZO Ao meu fillo/a a participar na actividade **MAGOSTO**

AUTORIZO NON AUTORIZO O tratamento das imaxes do meu fillo/a nesta actividade complementaria.

Circunstancias especiais a ter en conta:

Alerxias, enfermidades:.....

En caso de urxencia chamar a:..... Tfno:.....

Outras:.....

Gondomar,..... de..... de 20.....

O Pai, nai, titor/a legal,

Sinatura

Todo o alumnado, participe ou non na actividade, cumprimentará e entregará o presente resgardo na súa aula o MÉRcores 10 DE NOVEMBRO COMO DATA LÍMITE.

"En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais facilitados quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia co obxecto de xestionar o presente procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, como responsable do ficheiro, solicitándoo ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, edificio administrativo de San Caetano, S/N, 15781, Santiago de Compostela, ou mediante o envío dun correo electrónico a sxt.cultura.educacion@xunta.es."

MAGOSTO EN CHAN DA LAGOA (BAIONA)

A principal finalidade desta saída é achegar ao alumnado ás festas máis populares da cultura galega, neste caso o Magosto. Ao celebralo ao aire libre, os nenos e nenas poden ter contacto directo co medio que os rodea, observar, manipular, descubrir cousas novas e desenvolver a súa imaxinación. Estas saídas tamén posibilitan traballar valores como o respecto e o coidado do medio ambiente e a educación viaria, xa que ademais para moito do alumnado de 3 anos é a primeira vez que van en autobús.

A participación nunha saída axuda tamén ao proceso de socialización, posto que desenvolven actitudes de cooperación, axudan a aceptación de normas de convivencia e incita a xerar novos vínculos afectivos entre iguais e cos adultos que os rodean (mestres/as)

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS:

- Identificar o magosto como festa tradicional galega.
- Recoñecer o vocabulario básico relacionado con esta festa.
- Situar de xeito cronolóxico a festa do magosto na estación do ano correspondente, tendo en conta as súas características.
- Identificar os alimentos que degustamos na festa do Magosto.
- Valorar a importancia de conservar e transmitir o sentido das nosas festas tradicionais.

A TER EN CONTA

- A MERENDA DEBEN TRAE LA NUNHA BOLSA PEQUENA PECHADA CO SEU NOME.
- DEBEN TRAER CALZADO AXEITADO PARA ANDAR NO MONTE E ROUPA CÓMODA.
- O ALUMNADO DE **EDUCACIÓN INFANTIL E 1º E 2º DE EDUCACIÓN PRIMARIA** TRAERÁ **UN PUÑADO DE CASTAÑAS PICADAS** O MESMO DÍA DO MAGOSTO.
- REGRESARÁN AO CENTRO ANTES DA 13:30 H, E FARÁN A SAÍDA DO CENTRO COMO UN DÍA HABITUAL (SAÍDA POLA PORTA, COMEDOR OU TRANSPORTE ESCOLAR).